

Roteiro cultural 2013



Concello de Oleiros
Concellería de Cultura e
Normalización Lingüística



Bibliotecas Públicas
Municipais

Premio Nacional María Moliner 2012

IES Miraflores



**I PLAN
IGUALDADE
OLEIROS**

IES Miraflores



Bibliotecas Públicas
Municipais

Premio Nacional María Moliner 2012



Concello de Oleiros
Concellería de Cultura e
Normalización Lingüística

Organización: Sistema de Bibliotecas Públicas Municipais de Oleiros, Servizo de Normalización Lingüística e IES Miraflores

Coordinación: Rosa García Vilariño do Departamento de Lingua e Literatura galega do IES Miraflores, Biblioteca Central Rialeda e Servizo de Normalización Lingüística

Profesorado: Mercedes Agra Ramírez (LG), M^a Concepción Castro Higelmo (CCSS), Rosa M^a García Vilariño (LG), Elena López Prada (FeQ)

Alumnado de 2º de bacharelato: Aurora Alonso, Pablo Balado, Carlos Barros, Nicolás Berti, María Cabrero, Blanca Domínguez, Alfonso Fernández, Belén Fernández, Eduardo Ferro, Manuel González, Iago Rial, Víctor Roade, Pablo Rodríguez, Rubén Vaamonde, Álvaro Varela, Iván Vázquez Mira

Deseño e maquetación: Departamento de Comunicación do Concello de Oleiros

Edición: Sistema de Bibliotecas Públicas Municipais de Oleiros e Servizo de Normalización Lingüística



ROTEIRO CULTURAL E LITERARIO

2013



Casa de Enrique de Roque
(Casa de veraneo da escritora
Francisca Herrera)



Casa da felicidade
(Residencia de Syra Alonso
e Francisco Miguel)



Pazo de Lóngora
(Residencia de Fanny Garrido e
Marcial del Adalid)





ROTEIRO CULTURAL E LITERARIO

Syra Alonso e Francisco Miguel en Santa Cruz
Fanny Garrido e Marcial del Adalid no Pazo de Lóngora
Francisca Herrera en Oleiros

Esta actividade organízase entre o Sistema de Bibliotecas Públicas Municipais, o Servizo de Normalización Lingüística e o IES Miraflores.

Consiste no percorrido por distintos lugares do municipio nos que viviron diferentes mulleres e homes ilustres, como unha homenaxe a todos eles. Comezamos en Santa Cruz con Syra Alonso e Francisco Miguel, trasladámonos ao Pazo de Lóngora con Fanny Garrido e Marcial del Adalid, posteriormente desprazámonos a Oleiros onde viviu Francisca Herrera.


Os obxectivos que se pretenden conseguir son:

- Dar a coñecer diferentes mulleres e homes ilustres que viviron ou pasaron diferentes tempadas no Concello de Oleiros.
- Mellorar o coñecemento do patrimonio e espazos do termo municipal de Oleiros.
- Promover a lectura.

A decorative graphic consisting of a large, light blue swirl that curves upwards and to the right, ending in a series of small dots.

Unha mañá alá en Santa Cruz, sentada nunha pena que a baixa marea deixara descuberta, miraba o sol que raiaba e a grande inmensidade do mar que amosaba nas súas augas bandas de gaivotas que, erguidas e afundidas sobre as ondas, parecían durmir, tal era a súa quietude.

Diarios. Syra Alonso. Cap. V





biografía da parella formada por Francisco Miguel e Syra Alonso vén sendo outro fito singular da historia trágica e cruel da nosa guerra civil.

O matrimonio está residindo desde o 15 de agosto de 1935, en Santa Cruz, e o 3 de agosto de 1936 o pintor Francisco Miguel, recoñecido artista da vangarda intelectual e cultural da capital coruñesa vai ser detido e máis tarde paseado. Á brutalidade destes actos do ano da guerra civil e posteriores represións, haille que engadir a lousa de silencio e esquecemento que soterrou a vida do pintor en plena madurez creativa e a quen hoxe damos merecida homenaxe neste roteiro, pois queremos gardar a súa memoria desde hoxe ata o futuro.

Francisco Miguel nace na Coruña en 1897 e vai recibir unha distinguida formación que o encamiña cara ás actividades artísticas e culturais da cidade. Así e con apenas vinte

anos rexenta unha librería de *Arte*, sita na rúa Real da capital coruñesa. Nestes momentos a cidade herculina é un fervedoiro de inquietudes intelectuais que están marcando a vida de cidade. O pintor participa destas inquietudes e forma parte dos vivos faladoiros culturais como a denominada *Peña* e tamén vai fundar con Luis Huici e Vázquez Díaz a revista *Vida*, na que colabora con diversos gravados.

En 1920 Francisco Miguel celebra o casamento cunha señorita coruñesa pertencente á burguesía comercial, Syra Alonso Brufau e xuntos saen en viaxe cara a París onde entrarán en contacto coas novas correntes artísticas e coñecerán a Picasso. Desde este mo-





mento a súa muller convértese en modelo para moitos dos retratos que compón o pintor.

Despois da experiencia da revista *Vida*, Francisco

Miguel colabora e intervén activamente na revista *Alfar* na que participa como gravador, ensaísta e crítico de arte. A etapa coruñesa de *Alfar* transcorre entre 1923 e 1926 e nela van colaborar artistas como Álvaro Cebreiro, Picasso, Dalí e Maruja Mallo entre outros. Tamén están presentes escritores galegos, casteláns e americanos como Villar Ponte, Risco, Alberti, César Vallejo, Borges ou Huidobro. E entre os representantes coruñeses destaca a presenza de Santiago Casares Quiroga, Ramón Tenreiro, o propio Francisco Miguel e Luis Huici. A revista *Alfar* recolle os movementos artísticos da súa época e é ponte cultural e inqueda que une a Coruña con América. Moitos son os

méritos artísticos da revista e un dos máis importantes para Francisco Miguel é o seu contacto co surrealismo.

Dous anos despois da lúa de mel, o matrimonio volverá a París, agora xa cun fillo, e alí Francisco Miguel convértese nun debuxante de pegada picassiana e como pintor recolle mariñas e estudos postcubistas da paisaxe así como naturezas mortas de froitas. Tamén en París iniciárase nunha das artes máis pioneiras como é a arte decorativa do Batik, técnica decorativa en tea de seda.

Regresa a familia a Galicia, instálase en Cambre e tratará de vivir de compoñer batik e o 30 de agosto de 1924 presenta unha exposición desta arte no Hotel Atlántico da Coruña. O seu espírito inqueda lévao de novo de viaxe e tras unha



Francisco Miguel
Nombre en México año
1933.



pequena temporada en La Habana, Cuba, onde realiza o retrato a lapis de Alejo Carpentier, trasládase a México onde

vivirán desde 1926 ata 1934.

A vida en México vai pasar por diversas facetas. O matrimonio é ben acollido na capital mexicana e entran en contacto cos artistas do momento entre eles Siqueiros, Diego Rivera, Gabriela Mistral e o español León Felipe. En México van nacer dous fillos máis e a súa muller segue a ser a musa da súa pintura. Francisco Miguel pinta a *Syra con los brazos cruzados*, *En la silla*, e multitude de escorzos, espidos, perfís e retratos. A súa compañeira vive para el e os seus fillos e para que el atope a soidade que cómpre

como artista para a súa creación. As influencias da súa estancia mexicana, ademais de darlle o alcume “o mexicano” reflíctense na súa obra coas cores negras, ocre e vermellóns dos grandes muralistas como Diego Rivera. O regreso a Galicia en 1933 parece estar marcado pola presión da súa muller, Syra Alonso, quen ao coñecer o romance do pintor coa importante mecenas mexicana Dolores Olmedo, decide o regreso a casa. Así a familia xa con tres fillos pasa un ano en Madrid e en 1935 escolle unha fermosa casa en Santa Cruz, Oleiros. Comeza unha nova xeira na vida do pintor e da súa familia pois contando con boas perspectivas para a súa vida, retorna para a morte.

Agora felizmente instalados, en decembro de 1935 Francisco Miguel inaugura unha exposición de 18 óleos e 12 debuxos no Salón de Arte da Coruña organizada pola Asociación de Artista baixo a protección do seu amigo Álvaro Cebreiro. A vida oleirense

e coruñesa transcorría feliz e este tempo así vai ser lembrado pola viúva, a súa casa de Santa Cruz era ou fora a “casa da dicha” a “casa da felicidade”. Nos Diarios, Syra Alonso lembra a súa casa inzada de sol, cun pequeno xardín onde os nenos podían enredar. Evoca con gran sentimento lírico a contemplación do mar, o seu arrecendo e o toque das campás das Torres. Así transcorría a vida familiar ata que irrompeu unha longa noite de frío e terror.



O 3 de agosto Francisco Miguel é detido na Coruña acusado de opoñerse ao golpe de estado e o 15 de agosto liberado. O matri-

monio pensa daquela na fuxida e teñen esperanzas de regresar a México pois saben que en outubro atracará o “Orinoco” no porto da Coruña. Mais o 19 de setembro volve ser detido, Syra Alonso que o busca e suplica por el, vaine ver o 28 de setembro. Nesa mesma noite é paseado e aparece o seu corpo en Bértoa (Carballo), sendo enterrado alí o día 30.

A partir deste momento, Syra Alonso convértese na voz do asasinado, de todos os asasinados, vai recuperar os acontecementos esquecidos, vai desenterrar a obra do pintor e vai mirar por el a través das súas memorias que escribe conscientemente para nós e para o mundo. Logo dun tempo de dor Syra Alonso marcha con tres fillos pois aquí non lle queda ninguén. Vainos criar soa en México e non regresou nunca máis. Un 15 de novembro de 1970 morría en México a coruñesa Syra Alonso Brufau, a musa do pintor coruñés alcumado “o mexicano”.

BIBLIOGRAFÍA

- *Alfar: revista de Casa América-Galicia*. Ed. facs. T. 1, 2, 4. A Coruña: Nós
- ALONSO, Syra. *Diarios*. Vigo: Promocións Culturais Galegas
- *Artistas galegos: pintores: vangarda histórica*. Vigo: Nova Galicia Edicións
- BRAXE, L. *Luís Seoane, textos sobre arte*. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega
- CASAS, A. “*Syra Alonso: Diarios*”. En: *A Trabe de Ouro: publicación galega de pensamento crítico*, nº 41, pax. 115-120. Santiago de Compostela: Sotelo Blanco, 2000
- *Enciclopedia Gallega Universal* T. 9, pax. 92. Vigo: Ir Indo
- *Entre vanguardias: Francisco Miguel pintor gallego y mexicano (1897-1936)*. México: Instituto Nacional de Bellas Artes
- *Gran Enciclopedia Gallega* T. 12, pax. 73. Santiago de Compostela: Silverio Cañada
- LORENZO, F. “**Terror en propia carne**”. En: *O Correo Galego*, nº do 8/3/2000, pax. 39. Santiago de Compostela: Compostela, 2000
- MARCO, Aurora. *Diccionario de mulleres galegas: [das orixes a 1975]*, pax. 18-20. Vigo: Promocións Culturais Galegas
- MOLINA, César Antonio. “*Francisco Miguel y la revista Alfar*”

BIBLIOGRAFÍA E PÁXINAS WEB

- PIÑEIRO, X. *“Un pintor no 36”*. En: *A Nosa Terra*, nº 923, pax. 29. Vigo: Promocións Culturais Galegas, 2000
- “[*Retrato de Álvaro Cebreiro por Francisco Miguel*] (1925)”. En: *Álvaro Cebreiro: exposición realizada na Sala Municipal de Exposicións do Concello de A Coruña (5-30 marzo 1997)*. A Coruña: Concello
- RIVAS, Manuel *“La noche oscura del alma”*. En: *EP[S]: el País semanal*, nº 1217, pax. 98. Madrid: El País, 2000
- VIDAL, C. *“Xoan Ramón Fernández: fillo do pintor Francisco Miguel e Syra Alonso”*. En: *A Nosa Terra*, nº 919, pax. 32-33. Vigo: Promocións Culturais Galegas, 2000
- Texto en HTML. Dispoñible en:
<http://culturagalega.org/album/resultadosbusca.php?termo=syra+alonso>
[en liña] [Consulta: 18/03/2013].
- Texto en HTML. Dispoñible en:
http://gl.wikipedia.org/wiki/Syra_Alonso
[en liña] [Consulta: 18/03/2013].
- Texto en HTML. Dispoñible en:
http://gl.wikipedia.org/wiki/Francisco_Miguel
[en liña] [Consulta: 18/03/2013].





Canto de berce
Miña xoia, miña rula (orixinal: xoya)
durme, durme meu amore.
Preto do seo da túa nai (tua)
que che presta a súa calore. (sua)
E non hai, miña prendaña (hay)
berce para ti mellore.
Miña xoia



Letra: **Fanny Garrido**
Música: **Marcial del Adalid**
Cantares viejos y nuevos de Galicia.
Canción dedicada á súa filla María.
Ed. Margarita Soto Viso.



O matrimonio formado por Marcial del Adalid e Francisca González Garrido, máis coñecida por Fanny Garrido, conforma unha senlleira parella para a sociedade coruñesa de finais do século XIX. Ambos os dous son persoas educadas no liberalismo, amosan inquietudes intelectuais e costumes cosmopolitas, saben idiomas e pasean xuntos por Europa. Ademais disto o matrimonio fixa a súa residencia na cativa aldea de Lóngora, pertencente á parroquia de Liáns do Concello de Oleiros e a esta novidade de residir no rural e converter o seu Pazo de Lóngora en foco de cultura, engádese a preocupación e o coidado de vivir a carón da lingua e cultura galegas apoiando desde a súa posición o seu coñecemento e divulgación.

Marcial del Adalid Gurrea nace un 24 de agosto de 1826 nun medio familiar de comerciantes, de tradición liberal e traxectoria

moi recoñecida na Coruña. Desde moi novo encamiñase cara aos estudos de música, primeiro na propia cidade e máis tarde en romántico seguimento do seu admirado Chopin, viaxa ata París en 1844, onde non poderá manter contacto co soado pianista, mais si con Franz Liszt e co ambiente musical parisiño. Tanto París coma Londres van ser as capitais esenciais da súa aprendizaxe musical e na capital londinense estuda co compositor Ignaz Moscheles. Entre 1846 e 1855 Marcial del Adalid reside en Londres, París e Madrid dedicado tanto ao seu oficio de compositor como ao intento de dar a coñecer a propia obra. En Madrid onde se instala en 1860 vai estrear na Sociedade de Cuartetos, ***Sonatina en sol para piano a catro mans*** interpretada por José M^a Guelbenzu e Mariano Vázquez Gómez.

As primeiras composicións de Marcial del Adalid encádrano na temática romántica achegada á pegada de Chopin moi asimilada

polo propio xenio e personalidade do músico de Lóngora. Outras notables influencias da súa traxectoria musical van vir da man de Weber, Schubert e sobre todo Mendelssohn o que vai conformar segundo a crítica un músico de fondo lirismo e importante proxección romántica. Como compositor Marcial del Adalid amosa unha obra musical de notable importancia e a súa produción pianística figura entre o máis representativo e notable da historia musical romántica española. Deste primeiro momento destácanse obras como *Sonata Opus 4, Improvisación, Elegía, La noche* inspirada en Espronceda sendo común para el fornecerse de poemas en castelán, francés, italiano e como veremos máis adiante, en lingua galega compostos pola súa dona, baixo o pseudónimo de Eulalia de Liáns.

Mais ao valor romántico e pianístico da obra de Marcial de Adalid haille que engadir unha face pioneira e innovadora como autor do

Rexurdimento da música para Galicia. Así vai colaborar con José Inzenga na recollida de cantos populares para o caderno dedicado a nosa terra do importante traballo coñecido como *Cancionero de Inzenga*, do citado autor.

Outro elemento anovador destacable consiste en introducir na súa ópera, *Inese e Bianca*, estreada pola Universidade da Coruña o 21 de abril de 2007 en versión de concerto, melodías galegas. Tamén a peza *Marcha Triunfal de Galicia* de 1859 amosa esta liña temática nacionalista que se abre camiño con notable intuición para un músico de excelente técnica e grandes coñecementos musicais e humanistas.




E por último e a partir de 1877 publica *Cantos populares gallegos e Cantares viejos y nuevos de Galicia*. Estas cancións reflicten o afán pioneiro e traballo afincado en prol da música galega que vai realizar Marcial de Adalid en compañía agora da súa dona, Fanny Garrido que coma Eulalia de Liáns vai ser a autora das súas letras. A novidade que achega o matrimonio á nosa historia radica en que non son textos para o emprego de música popular, senón que son cancións escritas en lingua galega coa mesma naturalidade das escritas en francés ou italiano. Son por iso como nos di Margarita Soto Viso: “...as primeiras cancións galegas do noso Rexurdimento”.

Ademais destas cancións con letra de Eulalia de Liáns e música do noso autor, Marcial de Adalid vai compor cancións ás que incorpora elementos de raíz galega e popular e que van ser o precedente necesario para os éxitos que na melodía galega van acadar

músicos tan importantes como Xoán Montes, José Baldomir ou Castro Chané.

É así que os *Cantos populares gallegos y Cantares viejos y nuevos de Galicia* de Marcial de Adalid conságrano hoxe en día como figura so-branceira do noso Rexurdimento a carón doutras figuras literarias de primeira orde como Rosalía Castro, Curros Enríquez e Eduardo Pondal.



Marcial del Adalid morre en Lóngora o 16 de outubro de 1881 e está enterrado no cemiterio coruñés de San Amaro. A súa filla María del Adalid González doou o seu legado á Real Academia Galega. En Oleiros, a rúa ao carón do pazo de Lóngora garda o seu recordo.

BIBLIOGRAFÍA E PÁXINAS WEB

- ADALID, Marcial del. *Inés e Bianca: drama lírico en 4 actos*. Santiago de Compostela: Instituto das Artes Escénicas e Musicais
- ADALID, Marcial del. *Melodies pou chant et piano: cantares viejos y nuevos de Galicia*. A Coruña: Fundación Pedro Barrié de la Maza.
- BANDA DE MÚSICA MUNICIPAL DE ORTIGUEIRA, Adalid, Marcial de (música). *Ortigueira o camiño da cultura*. A Coruña: Deputación Provincial; Fundación Paideia
- BUGALLAL, Isabel. “A Coruña rompe su aislamiento” [en liña] [Consulta: 18/03/2013]. Texto en HTML. Dispoñible en: <http://www.laopinioncoruna.es/>
- *Enciclopedia Gallega Universal* T. I, pax. 139. Vigo: Ir Indo
- FERNÁNDEZ, Carlos. “*Músico ilustrado y liberal*”. [en liña] [Consulta: 18/03/2013]. Texto en HTML. Dispoñible en: <http://www.lavozdeg Galicia.es/hemeroteca/2004/10/18/>
- *Gran Enciclopedia Gallega* T. 1, pax. 109-110. Santiago de Compostela: Silverio Cañada
- “*Marcial del Adalid. Cuarteto de cuerdas: Op 16*”. [en liña] [Consulta: 18/03/2013]. Texto en HTML. Dispoñible en: http://www.tomasgarrido.es/Delicias_Espanolas.html

BIBLIOGRAFÍA E PÁXINAS WEB

- **“Marcial del Adalid: plantou en Oleiros os primeiros eucaliptos de España”**. En: *Esculca: órgano da Sociedade Cultural “As Mariñas dos Frades”*, nº 1, pax. 15. A Coruña: Sociedade Cultural “Museo As Mariñas dos Frades”, 1993
- MARTÍNEZ- BARBEITO, Carlos. *Torres, pazos y linajes de la provincia de La Coruña*. Madrid: Everest
- NEIRA CRUZ, X. A., Adalid, Marcial del (música). *A memoria das árbores*. Pontevedra: Kalandraka
- PARGA, Francisco; Adalid, Marcial de (música). *Galicia electrónica*. A Coruña: Eo
- Seoane, R. D. **“Historia en minúsculas”**. [en liña] [Consulta: 18/03/2013].
Texto en HTML. Dispoñible en: <http://www.lavozdeg Galicia.es/hemeroteca/2004/03/31/>
- Soto Viso, Margarita. **“Aportacións á música galega de Marcial del Adalid coas súas cancións”**. En: *Grial*, nº 64. Vigo: Galaxia, 1979
- Soto Viso, Margarita. **“Inés e Bianca: ópera inédita e inaudita de Marcial del Adalid (1826-1881)”**. En: *Ritmo*, nº 493, páx. 26-31. Madrid: Lira, 1979
- Texto en HTML. Dispoñible en: www.bne.es/es/Catalogos/BibliotecaDigital [en liña] [Consulta: 18/03/2013].
- Texto en HTML. Dispoñible en: <http://es.wikipedia.org/> [en liña] [Consulta: 18/03/2013].

F


**rancisca González Garri-
do, Fanny Garrido e
Eulalia de Liáns** que son a
mesma persoa conforma o
perfil biográfico común das

mulleres con formación e inquietudes intelectuais de finais do século XIX. Así a escritora, tradutora e periodista nacida na Coruña en 1846 e falecida en 1917 permanece nun segundo banzo e está máis vinculada á obra meritoria dos homes cos que compartiu a súa vida, que á súa propia obra persoal e esta non se ve recoñecida na súa xusta valía nin tampouco a achega creativa e intelectual por ela realizada á sociedade española e galega.

O primeiro tópico común a sufrir pola nosa escritora é o da súa extraordinaria beleza, graza e saber estar nos aristocráticos e burgueses ambientes coruñeses, madrileños e parisinos. O pintor Urbano Lugrís loa este esplendor e déixanos un retrato da escritora

na soada revista Atlántida. Tamén no anecdotario coruñés sublíñase que estando de visita na Coruña, a raíña Isabel II quedou tan engaiolada da beleza e grata conversa de Fanny Garrido que lle prometeu e cumpriu asistir ao seu casamento. Outra característica común na biografía destas mulleres do século XIX é o desconecemento sobre o labor intelectual que elas desempeñaron. Pódese dicir que aínda hoxe en Fanny Garrido prevalece máis, sobre todo, o feito de ter sido esposa do músico e compositor

Marcial de Adalid e despois do investigador e catedrático de Ciencias Químicas, José Rodríguez Mourelo, que os diferentes campos nos que traballou como a tradución, a




poesía e a novela, ademais dunha notable tarefa periodística moi presente na prensa da época.

Así o coñecemento de idiomas, entre eles o alemán, formación nada común para a época e menos entre mulleres, posibilita que Fanny Garrido realice unha magnífica tradución da obra dramaturga de Goethe, que lle achegou notable prestixio, pois a autora ademais de amosar os seus coñecementos do idioma e grazas á súa condición de poeta é quen de superar atrancos métricos ou rítmicos das obras orixinais. Primeiro publica en 1881, *Viaje a Italia* do famoso autor alemán, e máis tarde *Teatro selecto de Goethe traducido directamente del alemán* coas pezas *Ifigenia en Táuride*, *Clavijo*, *Prometheo e Pandora* entre outras. En canto á narrativa ven a luz dúas novelas, en 1885 *Escaramuzas* en cuxo exemplar depositado na Real Academia Galega aparece o autógrafo da escritora dedicándolle o volume a dona Emilia

Pardo Bazán, en 1898 *La madre de Paco Pardo*, deixando outras novela inéditas ou editadas, parcialmente, pola revista *Galicia* como a titulada *La fiesta de la patrona*. Na mesma revista atopamos a faceta periodística da autora, mesmo tratando temas como *La situación agrícola en Galicia* que asina baixo o nome de Fanny Garrido, mentres que nas novelas adoita aparecer como Eulalia de Liáns.

Respecto á faceta lírica Fanny Garrido ou Eulalia de Liáns desenvolve un labor pioneiro xuntamente co seu home Marcial del Adalid. Na obra *Cantares viejos y nuevos de Galicia*,



antecedente fundamental da música nacional galega, achega composicións na nosa lingua para a música culta ao carón de textos poéticos de V. Hugo, Lamartine, Campoamor e Rosalía de Castro. É este un factor de normalización cultural e artística que sitúa o matrimonio á vangarda do Rexurdimento.

Engádesse a esta tarefa creativa e creadora arredor da cultura e lingua galega, un labor social de divulgación no que ten tamén un papel protagonista o propio pazo de Lóngora. A minúscula aldea da parroquia de Liáns ve así o seu nome inmortalizado e inseparable da vida de Marcial de Adalid e de Fanny Garrido. As reunión literarias no pazo, os concertos e a música ocupan un espazo importante para recibir amizades coas mesmas ou parecidas inquietudes. Fanny Garrido é membro da “*Sociedad del folklore gallego*”, que preside Emilia Pardo Bazán e que se funda en 1789, tamén como Sofía Casanova é membro correspondente da Real Academia


Galega e colaboran ambas as dúas na revista *Galicia*, que se publica na Coruña baixo a dirección de Martínez Salazar. Velaquí tres mulleres que desenvolven a súa traxectoria vital e intelectual nun mundo tan masculinizado que chegou a facelas invisibles ou polo menos a negarlles un real e verdadeiro protagonismo individual e social.

Respecto ao seu segundo matrimonio, Fanny Garrido logo de casar en segundas nupcias co eminente químico José Rodríguez Mourelo, amosou interese por cuestións de índole social. Así foi vocal do “*Consejo Superior de Protección de la Infancia*”, organismo creado ao abeiro da primeira lei española de protección da infancia promulgada no ano 1904, e publicou varios artigos na revista *Pro Infancia*, entre os que destacan “**Los niños**” (*Pro Infancia* 38 de 1912) e o relatorio presentado por ela e outros autores a dito consello titulado “**Medidas urgentes para la solución del problema de la mendicidad**”

(*Pro Infantia* 4 de 1909). Nestes artigos asinaba utilizando o apelido do seu home: Fanny Garrido de Rodríguez Mourelo. Actualmente en Oleiros, unha rúa conserva a súa lembranza.

Cómpre tamén destacar na vida de Marcial del Adalid e Fanny Garrido a importancia da súa residencia do Pazo de Lóngora. Outra innovación do matrimonio liberal, culto e cosmopolita consiste en facer a súa vida no medio rural o que non lles impediu viaxar a Madrid, Londres e París, nin tampouco crear un espazo de seráns onde tiñan cabida a música, a literatura, e os faladoiros que sabemos frecuentados pola burguesía e intelectuais da época como Emilia Pardo Bazán ou Sofía Casanova. A beleza da nobre casa situada nesta fermosa paraxe natural combinábase con xardíns de feitura romántica inzados de camelias, plantas rubideiras, roseiras, estatuas e estanques.

A casa pertenceu desde a súa orixe á familia Adalid e a única filla do matrimonio, María del Adalid González, que non tivo descendencia, deixouna en herdo aos Padres Salesianos, que a converteron en granxa. Hoxe en día o edificio, propiedade do Concello de Oleiros, é a sede do Instituto Universitario de Medio Ambiente da Universidade da Coruña.




BIBLIOGRAFÍA E PÁXINAS WEB

- BUGALLAL, Isabel. **“A Coruña rompe su aislamiento”**. [en liña] [Consulta: 18/03/2013]. Texto en HTML. Dispoñible en: <http://www.laopinioncoruna.es/contraportada/2633/coruna-rompe-aislamiento/157336.html>
- BUGALLAL, Isabel. **“Una rosa coruñesa en la ópera de París”**. [en liña] [Consulta: 18/03/2013]. Texto en HTML. Dispoñible en: <http://www.laopinioncoruna.es/contraportada/2683/rosa-corunesa-opera-paris/170184.html>
- **Enciclopedia Gallega Universal** T. 10, pax. 50. Vigo: Ir Indo
- **Gran Enciclopedia Gallega** T. 15, pax. 215. Santiago de Compostela: Silverio Cañada
- MARCO, Aurora. **Diccionario de mulleres galegas: [das orixes a 1975]**, pax. 201-202. Vigo: Promocións Culturais Galegas
- MARTÍNEZ- BARBEITO, Carlos. **Torres, pazos y linajes de la provincia de La Coruña**. Madrid: Everest
- SÁNCHEZ GARCÍA, JESÚS A. **“En el balcón, en el palco, en la galería”**. [en liña] [Consulta: 18/03/2013]. Texto en HTML. Dispoñible en: <http://books.google.es/books>
- SEOANE, R. D. **“Historia en minúsculas”**. [en liña] [Consulta: 18/03/2013]. Texto en HTML. Dispoñible en: <http://www.lavozdegalicia.es/hemeroteca/2004/03/31/>
- Texto en HTML. Dispoñible en: www.bne.es/es/Catalogos/BibliotecaDigital [en liña] [Consulta: 18/03/2013].

BIBLIOGRAFÍA E PÁXINAS WEB

- Texto en HTML. Disponible en:
<http://www.cervantesvirtual.com/> [en liña] [Consulta: 18/03/2013].
- Texto en HTML. Disponible en: <http://es.wikipedia.org/> [en liña] [Consulta:18/03/2013].
- Texto en HTML. Disponible en:
<http://escritoras.com/escritoras/Fanny-Garrido> [en liña] [Consulta: 18/03/2013].
- Texto en HTML. Disponible en:
<http://es.scribd.com/doc/57368055/Mujeres-en-A-Coruna> [en liña] [Consulta: 18/03/2013].





Maio deixaba cai-la súa touca de frores sobre os campos, frescos aínda polas derradeiras arriadas da invernía.

Cabe o soberbo pazo dos Castiñeiras, inda mais por riba da Igrexa e enfoscadiña tralos verdores dun axuntamento de castiros, pinos, abedugos erquíase unha humilde casa ben recreosa pola brancura dos muros: as grandes fiestras (que semellaban alberxes de señores) e o arrequento dun paxareco anovado e prantado de novo.

Néveda. cap XIII



escritora Francisca Herrera Garrido dedícaselle no ano 1987, o Día das Letras Galegas e malia este feito e as súas achegas á prosa galega, segue a ser unha autora descoñecida. Francisca Herrera nace na Coruña en 1869 e morre en 1950 e é no Concello de Oleiros onde segundo os seus biógrafos vai escribir a maior parte da súa obra literaria.

Francisca Herrera descende dunha rica familia coruñesa que lle vai dar a formación considerada adecuada a esta posición social, verniz de cultura xeral, bordado e piano. Esta situación permítelle vivir de rendas e facer a vida de “*señorita*” de provincias pertencente á alta burguesía, así durante o inverno vive na Coruña e no verán, xunto coa súa irmá maior Enriqueta (Queta), trasládase a Oleiros para pasar a tempada nunha casa alugada. Mais a súa vocación cara ás letras descobre unha persoa lectora de Noriega

Varela, Ramón Cabanillas, Curros Enríquez e tamén Valle Inclán. E é nisto onde se arreda do tópico común ás mulleres da súa posición e resulta tamén sorprendente o interese de Francisca Herrera pola lingua e cultura galegas que practica con gran naturalidade e afecto na súa obra. Ela mesma decláranos a súa paixón por Rosalía de Castro, a quen chegou a coñecer e a quen le desde os doce anos. O propio Manuel Murguía escribe o prólogo para o seu libro de poesías *Almas de muller... ¡Volallas na luz!* que publica en 1915. A amizade con Murguía mantense ata a súa morte e a súa perda faille dicir en carta a Philéas Lebesque: *¡curazón grande que non lle apoñía unha chata os meus traballos galegos!*

Francisca Herrera escribe a maior parte da súa obra en galego -en castelán só tres novelas- e comeza a publicar a partir de 1913 unha abondosa obra que abrangue poesía, narrativa e ensaio. A obra poética de Fran-

cisca Herrera reflicte a forte pegada rosaliana e non é quen de facernos esquecer a súa mestra. A diferenza de Rosalía de Castro, o sentimento herreriano excede na súa com-



paixón e sentimentalismo no retrato de mulleres protagonistas que encarnan submisión e entrega e nada teñen que ver coa fonda rebeldía das mulleres rosalianas. Tamén nos artigos que vai publicar na revista Nós, Fran-

cisca Herrera renega dos pulos feministas e non comprende os movementos pola emancipación feminina.

A obra e a vida de Francisca Herrera están nunha sorte de encrucillada. Por unha parte, a súa ideoloxía conservadora cun catolicismo tradicional devoto e por outra, o marco histórico no que se desenvolve, é dicir, os anos finais do século XIX e as novas correntes de principios do século XX que non chega a comprender. Con todo, Francisca Herrera é unha escritora pioneira para a literatura galega pois é a primeira muller que emprende o xénero narrativo moi minoritario na nosa literatura e deste xeito vai publicar a partir de 1920 a novela *Néveda*, no 1922 *A y-alma de Mingos*, neste mesmo ano sae a novela en castelán *Pepiña*, en 1925 *Martes d'antroido*, en 1926 *Reproba* e en 1928 *Familia de lobos*.

Néveda vai ser a novela que recibe os para-



en castelán e Herrera vaina superar no emprego da lingua literaria. María Camino Noia que estuda a súa obra ao referirse á lingua apunta: *“por veces Herrera, deixándose guiar pola fala coloquial que ela tan ben coñecía de oíla falar entre os veciños de Oleiros, ofrécenos un amplo vocabulario”*... Tamén o profesor Carballo Calero na súa ***Historia da Literatura Galega Contemporánea*** subliña que Francisca Herrera non debera de faltar nunca á hora de elaborar unha an-

béns da crítica e a obra que amosa a vontade de estilo herreriano, pois cómpre termos en conta que a escritora case non ten modelos nos que inspirarse. Herrera rompe aquí co modelo rosaliano pois Rosalía de Castro vai escribir as súas novelas

toloxía da nosa literatura.

Francisca Herrera vai ser elixida membro de RAG en sesión celebrada o 4 de marzo de 1945, tiña 76 anos e estaba enferma. Se este feito puntual da RAG se cumprixe, converteríase nunha institución pioneira por elixir tamén por vez primeira unha escritora, pois nin Emilia Pardo Bazán, presidenta honoraria, nin Fanny Garrido ou Sofía Casanova, correspondentes, acadaran tal honor. Mais inexplicablemente e aínda que Francisca Herrera entrega o seu discurso o 11 de abril do mesmo ano, a escritora vai falecer con 81 anos e a RAG non convoca a toma de posesión.

En Oleiros, veraneou en varias casas, principalmente na parroquia oleirense, no lugar que antigamente se denominaba Piñeiro. Algunhas destas vivendas xa desapareceron, pero, afortunadamente, aínda se conserva unha situada fronte á Casa do Concello, na

que o seu propietario a lembra con agarimo. Actualmente, para manter o seu recordo, a rúa principal desta localidade leva o seu nome.



No seu poema titulado ***O capitán (O pino máis alto de Oleiros)*** a escritora cita topónimos e parroquias do noso concello e contorna, velaquí unha mostra que adaptamos á ortografía estándar para facilitar a súa lectura:

O capitán (O pino máis alto de Oleiros)

Pino máis alto de Oleiros
que ouín chamar Capitán.
E cabo á Fonte do ouro,
érgueste sobre o pinar.

(...)

Como rei, que aos seus soldados
unha revista lles dá;
ou como santo que escoita
os rezos desde un altar;
Como unha torre soberba
doutra forte antiguidá,
baixiños mirante Oleiros,
Soñeiro, San Pedro, Xaz;
Gúisamo, Espíritu Santo,
Castelo, Pousada, Iñás;
Xubín, a Covada, O Burgo,
Barreira, o Covo, Meirás...



BIBLIOGRAFÍA E PÁXINAS WEB

- ***Breve historia feminista de la literatura española (en lengua catalana, gallega y vasca).*** Vol. VI. Barcelona: Anthropos
- CARBALLO CALERO, R. ***Historia da literatura galega contemporánea***, pax. 493-498. Vigo: Galaxia
- CARRO, I. e ÁLVAREZ, P. ***“Entrevista á profesora María Jesús Pombo”***, pax. 3-4. En: Raiola, nº 3. Oleiros: Colexio Público Canide, 1987



BIBLIOGRAFÍA E PÁXINAS WEB

- CASARES, C. *Francisca Herrera Garrido: vida e obra: escolma de textos*. A Coruña: R.A.G.
- *Diccionario da literatura galega: autores*, pax. 288. Vigo: Galaxia
- *Enciclopedia Gallega Universal* T. 10, pax. 216. Vigo: Ir Indo
- “*Francisca Herrera: a poetisa e novelista de Dorneda*”. En: *Esculca: órgano da Sociedade Cultural “As Mariñas dos Frades”*, nº 1, pax. 61-62. A Coruña: Sociedade Cultural “Museo As Mariñas dos Frades”, 1993
- *Gran Enciclopedia Gallega* T. 17, pax. 104-105. Santiago de Compostela: Silverio Cañada
- HERRERA GARRIDO, F. 1921 “*A muller galega*”, nº 6, pax. 8-15. En: *Nós: boletín mensual da cultura galega, órgano da Sociedade “Nós”*. Ed. facs. T. I. A Coruña: Xuntanza Editorial
- HERRERA GARRIDO, F. 1931 “*A nosa nai Galiza*”, nº 91, pax. [sen determinar]. En: *Nós: boletín mensual da cultura galega, órgano da Sociedade “Nós”*. Ed. facs. T. IV. A Coruña: Xuntanza Editorial
- HERRERA GARRIDO, Francisca. *Antoloxía da obra galega*. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia, Consellería de Cultura e Benestar Social

BIBLIOGRAFÍA E PÁXINAS WEB

- HERRERA GARRIDO, Francisca. *Néveda*. Vigo: Xerais
- *Homenaje a Francisca Herrera Garrido: día das Letras Galegas 1987*. Santiago de Compostela: Universidade, Servizo de Publicacións
- MARCO, Aurora. *Dicionario de mulleres galegas: [das orixes a 1975]*, pax. 212-213. Vigo: Promocións Culturais Galegas
- RÍOS PANISSE, M. 1985 “*Néveda: primeiro acerto lingüístico e estilístico na novela galega*”, nº 90. En: *Grial: revista galega de cultura*. T. XXIII. Vigo: Galaxia,
- SOTO, Carme. *Francisca Herrera Garrido: unidade didáctica*. Oleiros: Vía Láctea
- Texto en HTML. Dispoñible en:
http://bvg.udc.es/ficha_autor.jsp?id=FraHerre&alias=Francisca+Herrera+Garrido&solapa=biografia [en liña] [Consulta: 18/03/2013].
- Texto en HTML. Dispoñible en:
<http://culturagalega.org/album/resultadosbusca.php?termo=francisca+herrera> [en liña] [Consulta: 18/03/2013].
- Texto en HTML. Dispoñible en:
http://es.wikipedia.org/wiki/Francisca_Herrera_Garrido [en liña] [Consulta: 18/03/2013].



Bibliotecas Públicas Municipais

Premio Nacional María Moliner 2011

■ Biblioteca Central Rialeda:
Avda. Rosalía de Castro, 227A
15172 Perillo - Oleiros
Telf.: 981 639 511- Fax: 981 639 996
biblioteca.rialeda@oleiros.org

CATÁLOGO DO FONDO BIBLIOGRÁFICO ▼

<http://bmpg.rbgalicia.org/oleiros>

Visita o noso blog:
<http://bibliotecasoleiros.blogspot.com>



Concello de Oleiros

Concellería de Cultura e
Normalización Lingüística

www.oleiros.org

Agradecementos:

Queremos expresar o noso agradecemento ás persoas que permitiron fotografar os distintos edificios e ás que cederon fotografías para poder incorporalas a esta publicación.

